

Imos Investigar sobre o pasado da vila onde vivimos: Cambre. Toda vila pasou por moitos momentos importantes que deixaron pegadas na súa estrutura e nas súas xentes. Este curso investigaremos sobre unha época moi importante de Cambre: **A Idade Media**.

Comezaremos por buscar toda a información de tipo xeral sobre este pobo: datas nas que estiveron por estes lares, de onde viñan, canto tempo estiveron por aquí, como vivían...

Despois cada grupo desenvolverá un destes temas para realizar un traballo escrito:

1. Principais monumentos medievais no concello de Cambre.
2. As vivendas na Idade Media: tipos de vivendas, distribución, organización nos poboados.
3. A cultura na Idade Media: música, literatura...
4. A relixión na Idade Media. Principais festividades relixiosas.
5. A alimentación da poboación na Idade Media.
6. Principais actividades económicas neste período.
7. O Camiño de Santiago.